



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

¡Maruxiña!  
non vaias á herba  
que se vén un aire  
/:toda cha leva:/,  
lévacha toda  
¡Ai Maruxiña,  
non seas tola!

Heicho de dar e daréicho  
e volveireicho a dar,  
o anillo do meu dedo  
si o pudiera sacar.

Un anillo me deu Xan-he,  
outro anillo me dou Pedro;  
non poido segar a herba  
con dous anillos nun dedo.

Déixame ir, deixam´andar-e  
déliame, aparta-la rama,  
déliame dormir un sono,  
sulteira na túa cama

Rapaza, en teu pai querendo,  
túa nai non cho privando,  
yo sería el dotor-e  
dese mal que estás pasando.

Teño un amor como un sol-e  
eu a Dios non llo merezo,  
todos me din que o venda,  
o meu amor non tén precio.

Se te quixen alghún día  
foi por un pouco de leria,  
ahora Dios che m´aparte  
de semaghante miseria.

O cariño que é doado  
olvídalo, eso non-he,  
que lle puideron quedar-e  
raícer no corazón-he.

Anque no se vexa nun ano  
nin nun ano, nin en tres,  
tengo mi corazón firme  
como la primeira vez.